

8.- RÉXIME DISCIPLINARIO

	FALTAS LEVES	CRÉDITOS
01	Tres faltas inxustificadas de puntualidade	1
02	A omisión de entrega de xustificante de ausencia ou comunicación de sanción en 48 hs.	1
03	Comportamento inadecuado durante a xornada escolar, dentro e fóra do centro	1
04	O uso reiterado de indumentaria inapropiada ***	1
05	O uso de vocabulario basto, ofensivo ou groseiro	1
06	A utilización inadecuada e perturbadora de teléfonos móbiles ou aparellos electrónicos no recinto escolar*	1
07	O abandono inxustificado do centro sen avisar previamente ó titor/a ou Xefe de Estudos	2
08	A exhibición de símbolos discriminatorios ou ofensivos	2
09	A falta inxustificada de asistencia á clase	3
10	Esquecemento reiterado (2 veces) do cumprimento dunha sanción.	3
11	Calquera acto inxustificado que altere o normal desenvolvemento das actividades do centro	3
12	A reiteración de faltas non graves	4
13	Os actos de indisciplina, falta de respecto, inxuria ou ofensa non grave contra calquera membro da cde. Educativa	4
14	As agresións físicas, morais e verbais non graves entre alumnos	1-4
15	O consumo de tabaco dentro do recinto escolar	4
16	A posesión ou exhibición de utensilios perigosos*	5
17	Os actos de coacción ou a incitación a actuar contra as normas do colexio	5
18	O deterioramento intencionado do material ou bens comúns do centro ou de calquera membro da comunidade educativa**	6
19	A apropiación indebida de obxectos**	6
20	O incumprimento das sancións aquí contempladas	6
21	Falsificación de notificacións, exames, traballos escolares ou información ás familias	6
22	A reiteración de faltas leves, despois de cumprir a sanción nº-13.	6

* Ademais retiráraselle o devandito aparello e terá que ser recollido polo pai/nai ou titor legal do alumn/a na Xefatura de Estudos.

**Así mesmo, debe aboar a cantidade resultante da reparación ou valor do material. Cando a rotura de obxectos persoais de alumnos ocorra de forma accidental, non serán considerados responsables nin o colexio nin o alumno causante do estrago, por non ser intencionado.

*** Vestimenta:

O alumno deberá asistir ao Centro ben aseado.

O uniforme é obrigatorio ata 6º de Primaria e debe vir en perfecto estado.

O colexio é o lugar de traballo dos alumnos non é un lugar informal de reunión cos amigos, polo tanto, a roupa dos alumnos deberá ser axeitada, é dicir, que non deixe ver a roupa interior polo que non se admitirán escotes pronunciados nin roupaxe esaxeradamente curta.

O alumno non poderá asistir ao centro coa cara nin a cabeza tapadas agás nos espazos abertos.

O colexio aprecia e necesita a axuda dos pais para que apoiem as normas de vestimenta e aseo persoal.

Na falta leve 01, os alumnos entrarán ao Centro as 7:45 h como medida reeducadora

Os alumnos sancionados con 1,2,3 ou 4 créditos estarán ao cargo dun profesor.

Calquera alumno que teña mal comportamento durante a xornada escolar poderá ir á aula de convivencia na que realizará a tarefa que lle mandou o profesor ou ben realizará actividades

SANCIONES ÁS FALTAS LEVES

1 CRÉDITO	Sanción de 1 hora a cumprir fóra do horario escolar
2 CRÉDITOS	Sanción de dúas horas a cumprir fóra do horario escolar
3 CRÉDITOS	Sanción de dúas tardes que non sexan luns para cumprir fóra do horario escolar
4 CRÉDITOS	Cambio de grupo durante un día lectivo para cumprir durante a xornada escolar habitual
5 CRÉDITOS	Cambio de grupo durante dous días lectivos para cumprir durante a xornada escolar habitual
6 CRÉDITOS	Expulsión do Centro ata un máximo de tres días

No caso de expulsión dun alumno/a (6 créditos), os pais serán informados polo centro mediante unha mensaxe ou unha chamada telefónica.

FALTAS GRAVES

24	Acoso físico, moral e verbal reiterado entre compañeiros. (Bullying)
25	Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa graves contra os membros da comunidade educativa
26	A agresión ou ameaza graves contra os demais membros da comunidade educativa
27	As condutas tipificadas como contrarias ás normas de convivencia se se dan de xeito colectivo ou intencionado
28	A apropiación indebida de obxectos valiosos
29	A introdución e/ou consumo de substancias nocivas no centro
30	A incitación a actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da c. educativa
31	Causar danos graves intencionados en locais, materiais e documentos do centro ou nos obxectos pertencentes a C. E.
32	A falsificación ou subtracción de documentos académicos.
33	As ameazas con armas ou obxectos perigosos
34	Os actos graves de vandalismo
35	O incumprimento reiterado das sancións impostas
36	Manipular ou estragar intencionadamente o sistema de seguridade do colexio

SANCIONES POR FALTAS GRAVES

As sancións aplicables segundo a lexislación variará entre 4 e 30 días lectivos de expulsión do centro así como outras medidas reeducadoras e correctoras.

Os alumnos que ó longo do curso amosen un comportamento inadecuado ou faltas de indisciplina, perderán o seu dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.

Este réxime disciplinario está aprobado polo Consello Escolar con data do 29 de setembro do 2016 xunto a revisión do Proxecto Educativo.

As persoas responsables de aplicar estas medidas correctoras son, en primeira instancia, o profesor ante o que sucede o mal comportamento, ou o titor responsable do alumno; de ser unha conduta reincidente ou grave, recurrirase ao coordinador ou xefe de estudos correspondente, podendo chegar, en última instancia, ao equipo directivo.

